



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE NOVEMBRO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa dona Leonor Fernández Grande e don Ramón Boga Moscoso.

Faise constar que asiste á sesión don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona Josefa Vázquez Soto) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito presentado por dona M^a Jesús González Roel, rexistrado de entrada ao núm. 0/10047, o día 22 de novembro de 2017, no que comunica a súa ausencia do municipio do día 5 de decembro ao día 14 de decembro de 2017, ambos incluídos.

- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local. (*Diario Oficial de Galicia* número 222, do 22 de novembro de 2017).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 17 ao 23 de novembro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2071/2017 e remata coa resolución da concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 2111/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2071/2017	17/11/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de novembro de 2017
2072/2017	17/11/2017	Colaboración interadministrativa: Solicitud de información no marco de procedemento de comprobación limitada.
2073/2017	17/11/2017	Concesión axuda vale alimentos a F.S.G. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2074/2017	17/11/2017	Concesión axuda vale alimentos a M.V.L. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2075/2017	17/11/2017	Denegación axuda alimentación I.M.E.
2076/2017	17/11/2017	Denegación axuda alimentación C.F.N.
2077/2017	17/11/2017	Denegación axuda alimentación Y.I.L.
2078/2017	17/11/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 5/2017, á razón comercial IBERDROLA GENERACION S.A.
2079/2017	17/11/2017	Baixa de recibos polo servizo de subministro de auga e sumidoiros liquidados a contribuíntes e liquidacións aos substitutos do contribuínte
2080/2017	17/11/2017	Resolución nomeamento funcionario interino por substitución da titular.
2081/2017	17/11/2017	Ruta 131 aos Castelos dos Ancares (castelos da fronteira). Programa de rutas de sendeirismo VENDE DE MARCHA 2017. XVII edición. Castelos medievais da Gallaecia.
2082/2017	17/11/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 4312)
2083/2017	17/11/2017	Anulación por erro dun recibo do padrón do terceiro trimestre de 2017 das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros
2084/2017	17/11/2017	Convocatoria sesión ordinaria do grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións (PES) 22 novembro de 2017
2085/2017	20/11/2017	Convocatoria da Mesa de Contratación Permanente do 23 de novembro de 2017



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2086/2017	20/11/2017	Numeración vivenda a solicitude de J.S.V.
2087/2017	20/11/2017	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 85.394,53 euros
2088/2017	20/11/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 92.305,89 ?
2089/2017	20/11/2017	Procedemento de Inspección P.I. 3/2017, á razón comercial GAS NATURAL DISTRIBUCIÓN SDG, S.A
2090/2017	20/11/2017	Procedemento de Inspección P.I. 2/2017, á razón comercial GAS GALICIA SDG, S.A.
2091/2017	20/11/2017	Aprobación xustificación convenio ARELA 2016 e non recoñecemento do dereito a percibir a subvención
2092/2017	20/11/2017	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes de data 23 de novembro de 2017
2093/2017	20/11/2017	RCU pola que se concede a Gas Galicia SDG, S.A., licenza municipal para executar unha acometida eléctrica en Drozo, Cambre
2094/2017	20/11/2017	RCU pola que se concede a Gas Galicia SDG, S.A., licenza municipal para executar unha acometida de gas natural canalizado en Penouviña, Cambre
2095/2017	20/11/2017	RCU pola que se concede a Gas Galicia SDG, S.A., licenza municipal para executar unha acometida de gas natural en Tapia, Luis Seoane e Rosalía de Castro, O Temple
2096/2017	20/11/2017	Reincorporación ás funcións como concelleiro delegado de área de Daniel Carballada Rodríguez
2097/2017	21/11/2017	Renuncia recibo auga de M.T.P.M.
2098/2017	21/11/2017	Celebración voda civil de A.J.M.G. e S.M.S.G. o 25 de novembro de 2017 ás 13:00 horas.
2099/2017	21/11/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 6/2017, á razón comercial ENDESA ENERGÍA S.A.U
2100/2017	21/11/2017	Aclaración das ofertas económicas presentadas no procedemento negociado sen publicidade para adxudicación da obra "Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017
2101/2017	21/11/2017	Proposta aprobación de adhesión do concello de Cambre ao Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP para o impulso da Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero.
2102/2017	22/11/2017	Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e varias

		entidades sin fins lucrativos para a realización de traballos práctico na especialidade de atención sociosanitaria en institucións dentro do desenvolvemento do obradoiro de emprego "Cambre-Sada PROXEDIS (profesionais en xeriatría e discapacidade) 2017/2018
2103/2017	22/11/2017	Expediente de orde de execución por estado de finca colindante a la sita en Andeiro. Propiedade: A.V.F.
2104/2017	22/11/2017	Aclaración das ofertas económicas presentadas no procedemento negociado sen publicidade para adxudicación da obra "Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala";, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017
2105/2017	23/11/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 7/2017, á razón comercial IBERDROLA CLIENTES S.A.U
2106/2017	23/11/2017	Recurso contra a denegación da autorización solicitada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a realización dun mural na medianeira dunha edificación na Estrada Cambre-Temple exp. 1812/17.
2107/2017	23/11/2017	Procedemento de comprobación limitada PCL 8/2017, á razón comercial NEXUS ENERGÍA, S.A.
2108/2017	23/11/2017	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2017 - V
2109/2017	23/11/2017	Autorización asistencia e pagamento curso a don M.J.V.S.
2110/2017	23/11/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: R.R. desestimatorio Exped. 8405/2017
2111/2017	23/11/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DR (P 4318) MASIVO

4º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Acudimos á sinatura ante notario da devolución dos terreos do contorno da igrexa de Cambre.
- Tivo lugar o primeiro encontro da Área Metropolitana en Cambre, no centro sociocultural do Graxal
- Acudiu á Gala do Deporte de Cambre.
- O 25 de novembro, día conta a violencia machista, acudiu a unha andaina convocada para o efecto, xunto cos concellos de Culleredo e Oleiros.



Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O martes 21 asistiu ao consello escolar no instituto David Buján.
- O mércores 22 asistiu ao consello escolar no instituto Afonso X "O Sabio"

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta dos seguintes asuntos:

- O mércores 22 de novembro asistiu á reunión da Comisión do Plan estratéxico de subvencións 2017-2019.
- O venres 24 de novembro asistiu á concentración no Concello convocada dentro da campaña "Cambre en negro".
- O venres 24 de novembro asistiu á Gala do Deporte 2017.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de:

- Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Acondicionamento do entorno do río Mero", cofinanciada por Augas de Galicia segundo o convenio de colaboración, asinado o 9 de marzo de 2017, entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único: Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Acondicionamento do entorno do río Mero", cofinanciada por Augas de Galicia segundo o convenio de colaboración, asinado o 9 de marzo de 2017, entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de novembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expeditas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2017/C002/000043	Narón Servicios de Medio ambiente S.L.	B70078514	Certificación nº 1 da obra "Acondicionamento do entorno do Río Mero"	34.997,99 €	F/2017/5581	27/11/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente conformada polo mesmo importe e concepto, así como acta de recepción da obra de data 27 de novembro de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2017/C002/000043	Narón Servicios de Medio ambiente S.L.	B70078514	Certificación nº 1 da obra "Acondicionamento do entorno do Río Mero"	34.997,99 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia